

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21.07.2023 ata o 16.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer melloras na seguridade das instalacións da sede da federación, mediante a automatización da persiana de acceso á porta principal, que implicará un aumento da seguridade nos accesos, a instalación de alfombras vinílicas antideslizantes en zonas de paso do salón de actos e a impermeabilización das



aulas e mellora dos paramentos laterais do salón de actos e aulas coa instalación de protectores.

Por outra banda, a federación pretende mellorar os seus equipamentos mediante adquisición de equipamento informático e impresora para despacho, equipamento telefónico con dous terminais móbiles e equipamento telefónico para a sede da federación, estrutura elevada portátil para eventos, equipo de son portátil para eventos e armario de almacenamento de documentación para almacén.

Finalmente, buscará a mellora da promoción das confrarías de pescadores coa realización de accións formativas e divulgativas dirixidas ás confrarías e aos seus membros, consistentes en:

- Unha acción formativa semipresencial que terá como finalidade a formación específica do persoal das confrarías de pescadores na resolución de conflitos e intervención en situacións de crise, que axude a mellorar a comunicación co asociado e evitar o conflito na medida do posible, na xestión das confrarías.
- Curso básico en ciberseguridade dirixido ao persoal das confrarías de pescadores de Galicia; nesta formación semipresencial preténdese dotar de coñecementos básicos para evitar ataques informáticos que causen danos irreparables a nivel técnico e de xestión mediante o recoñecemento das ferramentas básicas e nas actuacións a seguir no caso dun ciberataque.
- Elaboración dunha guía de equipos de protección individual no traballo para o sector pesqueiro da baixura, coa finalidade de eliminar ou reducir os riscos derivados do traballo ou das súas consecuencias.
- Organización dunha xornada divulgativa sobre os equipos de protección individual no traballo para o sector pesqueiro e marisqueiro coa participación de relatores especializados na materia.
- Produción audiovisual de curta duración coa finalidade de promocionar a labor da entidade e a sede da federación galega a través da web oficial da federación e a conta de youtube da mesma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

